

A débeda da PIE con Galicia

A participación dos concellos nos tributos do Estado é unha liña financeira garantida a través do artigo 142 da Constitución, que ten como principal finalidade contribuír, xunto coa participación nos ingresos das comunidades autónomas, á consecución da súa suficiencia financeira. Ao carón dos tributos propios, é o recurso financeiro máis importante dos concellos.

Compre facer esta aclaración unha vez máis, dado que se segue confundindo habitual e sorprendentemente o que é a 'participación' co concepto de 'subvención'. Obviamente, non ten absolutamente nada que ver. Estas últimas, que a diferenza das anteriores teñen carácter finalista, tan só representan na actualidade o 10% do total dos orzamentos municipais, e na maioría dos casos financian servizos e actividades de ámbito competencial doutras administracións, coa achega na meirande parte dos casos de recursos propios dos concellos. A metade dos ingresos municipais proveñen dos tributos propios, mentres que a Participación nos Ingresos do Estado (PIE) e da Comunidade Autónoma (PICA) representan en Galicia un 30% do total. Neste último caso, os fondos teñen carácter non finalista e a distribución entre os concellos realízase tendo en conta diversos criterios.

Neste informe centrámonos na PIE, por canto sendo unha liña financeira de contía moi importante, as fórmulas utilizadas para o seu reparto xeran uns desequilibrios esaxerados, que prexudican notablemente aos concellos galegos.

No ano 2004 entrou en vigor un novo modelo de Participación nos Ingresos do Estado das entidades locais. Partíase dun modelo previo no que todos os concellos (agás La Línea de la Concepción, Barcelona, Madrid e os concellos das comunidades de Navarra e País Vasco) se rexían por un mesmo sistema de participación, no que se empregaban para o reparto 4 variables diferentes: poboación (criterio con maior peso, e no que se introducían coeficientes de ponderación en función do treito no que estivese situado cada concello), esforzo fiscal, inverso da capacidade tributaria e número de unidades escolares. Era un modelo moi negativo para os intereses dos municipios galegos, tal e como consta nos informes anuais realizados pola Fegamp, nos cales se apreciaba que Galicia recibía substancialmente menos que a media estatal por habitante.

Entendía a Fegamp que os criterios utilizados para o reparto eran inxustos, xa que non valoraban o custo que os concellos tiñan que asumir na prestación de servizos, polo que se propoñía para o novo modelo que na fórmula se introduciran variables que medisen ese sobrecusto, como eran a superficie de cada municipio e o número de entidades de poboación.

Unha vez aprobado o novo modelo, e que actualmente segue en vigor, as propostas da Fegamp caeron en saco roto. A pesar de advertir que este sistema prexudicaría aínda máis aos concellos da nosa comunidade, o sistema introducía como novidade o establecemento de dous modelos distintos de reparto que, a efectos prácticos, manteñen e mesmo incrementan os desequilibrios detectados nos anos anteriores.

Por unha banda aparece o réxime xeral, no que se integraban aqueles concellos menores de 75.000 habitantes que non fosen capital de provincia ou de comunidade, que segue un sistema semellante ao anterior, aplicando tres criterios para o reparto: número de habitantes (mantendo o coeficiente de ponderación que favorece aos concellos situados nos tramos de poboación superiores), esforzo fiscal e inverso da

capacidade tributaria. Estes dous últimos crearon importantes disfuncións ao longo do período, carrexando graves prexuízos a moitos concellos galegos; problemas que xa foron postos en evidencia en informes anteriores.

A segunda vertente do modelo é o chamado réxime de cesión, onde se integran os restantes concellos, e que se rexe por un sistema mixto de cesión de impostos e Fondo Complementario de Financiamento.


En ambos os dous modelos introducíronse unhas cantidades compensatorias correspondentes á perda sufrida polos concellos derivada da reforma do Imposto de Actividades Económicas (IAE), que para os efectos deste informe non tereamos en conta.

Pero o sistema implantando non só prexudica aos concellos galegos integrados no réxime xeral. Tamén os incluídos no modelo de cesión se ven negativamente afectados. Como exemplo, no ano

2015, mentres cada cidadán de Vigo, Santiago de Compostela ou de A Coruña é valorado polo modelo nunha cantidade en torno aos 230 euros, os veciños de Málaga, Sevilla, Zaragoza ou Madrid perciben uns 400 euros por habitante; e no caso da cidade de Barcelona, 600 euros por veciño, o que é dificilmente comprensible, tendo en conta ademais que a gran maioría das cidades galegas, tamén sofren os efectos da dispersión nos seus propios termos municipais.

ENTREGA A CONTA PIE ANO 2015

(Comparativa porcentaxe de poboación e participación)




Fonte: Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. Elaboración propia

As consecuencias pódense apreciar nos seguintes gráficos, nos que se analiza a media por habitante percibida polos concellos galegos respecto á media estatal no período 2004-2015, e a perda acumulada nestes 11 anos de vixencia do modelo, que se cuantifica en **1.376 Millóns de Euros**.

PARTICIPACIÓN NOS INGRESOS DO ESTADO 2004-2015


(Evolución media no Estado e Galicia / Euros por habitante)



Fonte: Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e elaboración propia
 (*) Os anos 2013, 2014 e 2015 están pendentes da liquidación definitiva

PARTICIPACIÓN NOS INGRESOS DO ESTADO ACUMULADA

(Período 2004-2015 / Euros por habitante)



> CONCELLOS GALEGOS

Publicación da Federación Galega de Municipios e Provincias

13

> INFORME

A Fegamp, que xa rexeitou dende o principio os criterios de reparto por ser discriminatorios para os concellos galegos, e polo tanto lesivos para os intereses dos seus cidadáns, solicitou en numerosas ocasións o cambio do modelo de distribución, demandas que foron sempre desatendidas. Cada ano, a fenda é maior e as desigualdades vanse incrementando. O sistema utilizado é un verdadeiro perigo para o financiamento municipal galego.

Pero compre preguntarse se eran inxustas ou irracionais as reivindicacións da Fegamp nesta materia, que por certo foron avaladas por unanimidade polo Parlamento de Galicia. E a resposta podémola obter no mesmo período, no que distintas comunidades autónomas aprobaron fondos de diferente natureza con destino aos concellos, nos cales introducen os criterios de distribución que reflectimos na seguinte táboa:

COMUNIDADES	Solidaridade	Poboación	Superficie	Dispersión	Inverso Capacidade Tributaria	Envellecemento	Orografía	Insularidade	Outras
Andalucía	—	—	—	—	—	—	—	—	—
Aragón	—	—	—	—	—	—	—	—	—
Asturias	—	—	—	—	—	—	—	—	—
Baleares	—	—	—	—	—	—	—	—	—
Canarias	—	—	—	—	—	—	—	—	—
Castilla-León	—	—	—	—	—	—	—	—	—
Castilla-La Mancha	—	—	—	—	—	—	—	—	—
Cataluña	—	—	—	—	—	—	—	—	—
Extremadura	—	—	—	—	—	—	—	—	—
Galicia	—	—	—	—	—	—	—	—	—

O criterio central é o número de habitantes, pero se ve completado na práctica totalidade dos modelos de reparto con variables que miden a dispersión poboacional (superficie e núcleos de poboación), que son precisamente as que no seu día a Fegamp propuxo para o

reparto da PIE. As comunidades entenden que eses factores son elementos clave na prestación de servizos, e favorecen coa introdución destas variables específicas a aqueles concellos con máis dispersión, equilibrando así internamente ese maior custo que asumen.

Na PIE rexéitase de plano a utilización deses mesmos criterios, co cal non se equilibra externamente e de xeito global ese sobrecusto que os concellos galegos asumen. Pola contra, os resultados sitúan ao municipalismo galego moi por debaixo.

Simulación de modelos alternativos

Sobre os datos iniciais da entrega a conta para o ano 2015, realizamos unha simulación de diversos modelos alternativos para observar o que recibirían os concellos galegos. A aplicación de calquera deles, suporía un incremento substancial do financiamento dos nosos municipios respecto ao sistema actual de reparto que aplica o Estado.

Xa se comentou en artigos anteriores desta publicación que Galicia ten importantes problemas estruturais, nos


que son elementos centrais o envellecemento e a dispersión da poboación. A pesares de que a crise económica volveu poñer en cuestión dende diferentes ámbitos a propia existencia de moitos concellos, os datos económicos corroboran que novamente a local foi a administración que mellor respondeu neste contexto.

Pero non debemos levarnos a engano. No caso galego non existen fórmulas máxicas que resolvan a histórica problemática do financiamento do noso

municipalismo. Independentemente doutras necesarias medidas que se poidan adoitar para mellorar a xestión dos servizos por parte dos municipios, que é bastante mellor e máis eficiente do que ás veces nos queren facer ver, a principal fórmula, e non é máxica, é corrixir a discriminación histórica que os nosos concellos sofren no reparto dos ingresos do Estado. Os números así o acreditan, e cando as cifras falan, sobran máis verbas.


SIMULACIÓN PARTICIPACIÓN NOS INGRESOS DO ESTADO DOS CONCELLOS GALEGOS

(Euros)



INCREMENTO DE FINANCIAMENTO COA APLICACIÓN DOS DISTINTOS MODELOS

(Euros)



MODELO ACTUAL

Criterios reparto réxime xeral

(Concellos menores 75.000 habitantes non capital de provincia ou de comunidade autónoma)

Poboación (Con ponderación por tramos de poboación)	75%
Estrato de poboación	Coefficiente
Ata 5.000 habitantes	1,00
De 5.001- 20.000 habitantes	1,17
De 20.001-50.000 habitantes	1,30
De máis de 50.000 habitantes	1,40
Esforzo fiscal	12,5 %
Inverso capacidade tributaria	12,5 %

Criterios reparto réxime cesión

(Concellos maiores 75.000 habitantes e capitais de provincia ou de comunidade autónoma)

Cesión impostos

Fondo Complementario de Financiamento

(*) A participación total dos concellos fixarase anualmente en función do índice de evolución dos ingresos tributarios do Estado (ITE)

MODELO REPARTO POR HABITANTE

Reparto en función do número de habitantes de cada concello

Criterio utilizado polo Estado no seu día para a distribución do Fondo Estatal de Inversión Local (FEIL) e Fondo Estatal para o Emprego e a Sostibilidade Local (FEESL)

MODELO CRITERIOS CANARIAS

Fondo Canario Financiamento Municipal

Poboación	68%
Solidariedade	16%
Dispersión	5%
Unidades escolares	4%
Extensión territorial	2%
Espazos naturais protexidos	2%
Prazas turísticas	2%
Insularidade periférica	1%

MODELO CRITERIOS GALICIA

Participación ingresos comunidade autónoma

Poboación	70%
Superficie	10%
Dispersión	10%
Envellecemento	10%

MODELO CRITERIOS ANDALUCÍA

Participación ingresos comunidade autónoma

Poboación	85%
Superficie	6%
Dispersión	5%
Inverso Capacidade Tributaria	4%

MODELO PROPOSTA FEGAMP ANO 2003

Poboación	65%
Esforzo fiscal	15%
Superficie	10%
Dispersión	10%

MODELO CRITERIOS CATALUÑA

Participación ingresos comunidade autónoma

Poboación (en función fórmula cálculo)	
Dispersión	
Superficie	
Capitalidade comarcal	